

Estimados/as compañeiros/as:

Como directora do Grupo de Traballo de Química durante o ano 2019-2020, e no nome de todo o Grupo, pónome en contacto con vós para vos saudar neste novo curso.

Este curso mantéñense os mesmos contidos, a mesma estrutura e os mesmos criterios xerais de corrección utilizados no curso pasado.

Na páxina web da CiUG do Grupo de Química (<http://ciug.gal/grupos/quimica.php>) poderedes atopar para as ABAU 2020:

- Orientacións xerais.
- Indicacións sobre a formulación, entendida como de mínimos de cara as probas ABAU, na que se incorporou a nomenclatura da IUPAC 1993 para a química orgánica, aínda que este ano aceptárase tamén as anteriores.
- Modelo de exame. *Recordádelle os alumnos que os datos para a resolución das cuestións e/ou problemas, das dúas opcións do exame, atópanse todos xuntos nun recuadro na parte inferior do exame.*
- **Criterios xerais de corrección que deben ter claro os alumnos antes da realización das probas. Revisade ben estes criterios e insistir en que as cuestións teóricas deben razoarse.**
- Libro de prácticas que elaborou o Grupo de Traballo, hai uns anos, que recolle a maioría das prácticas (pero non todas e hai prácticas que xa non se contemplan nas orientacións).
- Modelo de táboa periódica (actualizada).
- **Resumo da valoración dos resultados das probas de acceso de xuño e setembro 2019**, obtidos a través das enquisas contestadas polos correctores da materia. **Neste resumo tamén se indican os erros máis comúns nas respostas ás preguntas. Este resumo é moi importante xa que se seguen detectando os mesmos erros ano tras ano.**
- Exames e solucións doutras convocatorias.

Unha vez máis, quedamos á vosa disposición para calquera consulta, aclaración ou suxestión.

Recíbide un cordial saúdo,

O Grupo de Traballo

Purificación López Mahía
Departamento de Química (Área Química Analítica)
Universidade da Coruña
Tf: 981167000 Ext.: 2191 e-mail: purmahia@udc.es